

Asunto: Resolución de nomeamento do tribunal

Procedemento: Proceso de selección para a contratación, baixo a modalidade de contrato especial para artistas, ao abeiro do Real decreto 1435/1985, do 1 de agosto, e da modificación introducida polo Real decreto lei 5/2022, do 22 de marzo, de 20 prazas de actrices e actores para a produción Phoné (título provisional) do Departamento de Producción Teatral (Centro Dramático Galego) no período 2023-2024

ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS:

- 1) Agadic é unha entidade pública instrumental que ten por obxecto o impulso e a consolidación do tecido empresarial no sector cultural galego, cooperando na achega de factores produtivos e fomentando a oferta de bens e servizos e a asignación de ingresos suficientes e estables, de acordo co disposto no artigo 3 da Lei 4/2008 do 23 de maio, de creación da Agadic.
- 2) Para a consecución destes obxectivos, a Agadic, a través da súa unidade de produción de teatro denominada Centro Dramático Galego (no sucesivo CDG), integrado no Departamento de Producción Teatral da axencia, produce espectáculos de teatro, ben directamente ou ben en réxime de coprodución con outras compañías e institucións, públicas ou privadas.
- 3) Dentro da planificación do ano 2023 e coa perspectiva no 2024 o Centro Dramático Galego promove a produción dun espectáculo para o que se precisa a contratación de actores e actrices baixo o título provisional "Phoné".
- 4) Con data 12 de xuño de 2023 Publícase no DOG nº 110 o Anuncio do 5 de xuño de 2023 polo que se dá publicidade á convocatoria e ás bases reguladoras do proceso de selección para a contratación, baixo a modalidade de contrato especial para artistas, ao abeiro do Real decreto 1435/1985, do 1 de agosto, e da modificación introducida polo Real decreto lei 5/2022, do 22 de marzo, de 20 prazas de actrices e actores para a produción Phoné (título provisional) do Departamento de Producción Teatral (Centro Dramático Galego) no período 2023-2024. Trátase dun proxecto de creación a partir de textos de Tamara Canosa e outros autores.



CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

- 1) O director é o órgano competente para a resolución dos expedientes de contratación e actúa por delegación en representación da Agadic, de acordo co disposto na Resolución do 24 de xullo de 2012, do Consello Reitor da Agadic, de delegación de competencias na persoa titular da Dirección da Agadic, DOG do 29 de agosto de 2012, no exercicio das facultades conferidas ao presidente do Consello Reitor pola Lei 4/2008 do 23 de maio, de creación da Agadic e o Decreto 150/2012 de 12 de xullo, polo que se aproba o Estatuto da Agadic.
- 2) En virtude do artigo 7 dos estatutos da Agadic, aprobados polo Decreto 150/2012, do 12 de xullo, correspóndelle a esta entidade, no ámbito do fomento da cultura galega e do apoio á creación e innovación cultural, impulsar e consolidar o tecido empresarial no sector cultural galego, cooperando na achega de factores produtivos, no fomento da oferta de bens e servizos e na asignación de ingresos suficientes e estables.
- 3) Neste contexto, conforme ao artigo 26 dos estatutos da entidade, correspóndelle ao seu departamento de Producción Teatral o desenvolvemento da política de creación e programación teatral relativo ao Centro Dramático Galego e ao Salón Teatro, tarefa que se concreta, entre outros aspectos, na necesidade de facer a selección e o contrato dos artistas para aqueles espectáculos que o requiran.
- 4) Por outra parte, no artigo 17.1 establécese que lle corresponde ao Consello Reitor do organismo autorizar a realización daqueles contratos referidos ao réxime especial de artistas.
- 5) Co obxecto de levar a cabo a produción teatral previstas para o segundo semestre do ano 2023 e o ano 2024, e en consecuencia, proceder á selección das actrices e actores que formarán parte do elenco para a súa contratación mediante relación laboral de carácter especial, previa aprobación do Consello Reitor, apróbanse as bases que rexerán o proceso de selección. Publícase no DOG nº 110 do 12 de xuño de 2023 o Anuncio do 5 de xuño de 2023 polo que se dá publicidade á convocatoria e ás bases reguladoras do proceso de selección para a contratación, baixo a modalidade de contrato especial para artistas, ao abeiro do Real decreto 1435/1985, do 1 de agosto, e da modificación introducida polo Real decreto lei 5/2022, do 22 de marzo, de 20 prazas de actrices e actores para a produción Phoné (título provisional) do Departamento de Producción Teatral (Centro Dramático Galego) no período 2023-2024.
- 6) Con data 14 de xullo de 2023 o responsable do departamento de produción teatral emite informe no que propón o nomeamento do tribunal que xulgará o proceso de selección.



Por todo o que antecede

RESOLVO:

Nomear o tribunal cualificador, titulares e suplentes, deste proceso selectivo que, de acordo coa base terceira das bases reguladoras da selección de actores/actrices para as produción do ano 2023-2024 do Departamento de produción teatral da Agadic, con título provisional "Phoné", terá a seguinte composición:

Presidencia

Francisco Javier Núñez Alonso, titular
Francisco Veiga Bellón, suplente

Vogalía

Tamara Canosa Ferrio, titular
Xacio Rodríguez Baño, titular
Laura Míguez Escudero, titular
Rut Balbís Calviño, suplente
Xosé Lois Romero Cajigal, suplente

Secretaría

José Manuel González Sanmartín, titular
Sandra Penas Rivadulla, suplente

En Santiago de Compostela, asina na data que figura na marxe,

Jacobo Sutil Nesta.
Director da Agadic

